

**Guía docente da materia:
Traballo e Identidade Femenina**

1. DATOS INICIAIS	
Titulación	POP Estudos de Xénero
Módulo	3
Materia	Traballo e Identidade Feminina
Código	333110304
Carácter (obligatoria, optativa)	Obrigatoria
Curso	Primeiro
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º
Profesora coordinadora	Purificación Mayobre

Profesora responsable da materia*	Purificación Mayobre,
Departamento	Socioloxía, Cª Política e da Admón e Filosofía
Área	Filosofía
Centro	CC. Educación de Ourense
Gabinete	Nº 28
Horario de titorías	
E-mail	pmayobre@uvigo.es

** No caso de seren varios docentes os responsables de impartir a materia, esta taboa repetirase tantas veces como for necesario, empregando unha tabela para cada docente.*

2. INTRODUCCIÓN Á MATERIA

As identidades femininas e masculinas non son algo natural e eterno. As identidades de xénero son o resultado dun traballo social e cultural de produción e mantemento de determinadas formas de percepción, categorización e avaliación da relación entre mulleres e varóns que maioritariamente teñen beneficiado aos varóns. Afirmar que a masculinidade e a feminidade non son naturais nin eternas é o mesmo que dicir que non derivan directamente dos corpos sexuais e que polo tanto son cambiantes. As relacións entre os xéneros están cambiando, pero o cambio é lento e aínda persisten numerosos prexuízos e obstáculos que impiden ou dificultan o camiño cara á equidade.

Empregando a deconstrución como ferramenta metodolóxica, as apartacións da teoría psicanalítica e da teoría feminista preténdese analizar o proceso de produción das identidades de xénero femininas como suxeitos subalternos na sociedade patriarcal. Estudiarase a importancia que ten na configuración e reprodución das identidades de xénero a adscrición ao ámbito público, no que se desempeña un traballo remunerado, ou ao ámbito privado no que o traballo non é valorado nin remunerado, e a incidencia deste fenómeno no malestar psíquico das mulleres. Examinaranse os factores endóxenos e esóxenos que inflúen na existencia dun “teito de cristal” ou na subrepresentación das mulleres nas elites profesionais. Presentarase á teoría feminista non tanto como un movemento político que ha de actuar no ámbito público, senón como un movemento capaz de actuar nas vidas privadas, capaz de modificar as subxectividades e de provocar o empoderamento ou potenciación das capacidades e recursos das mulleres

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

	Obxectivos da materia (xerais e específicos)
1	Clarificación conceptual dos contidos específicos da materia.
2	Comprender as converxencias existentes entre psicoanálise e teoría feminista á hora de conceptualizar o suxeito feminino.
3	Clarificar a xénese da conducta xenerizada e os efectos do inconsciente nos procesos psíquicos conscientes e na conducta.
4	Analizar a problemática e os conflitos derivados da interrelación familia-carreira laboral das mulleres.
5	Analizar as causas obxectivas e subxectivas que contribúen ao malestar psíquico das mulleres.
6	Presentar algunhas teorías explicativas dos múltiples conflitos que se lle presentan ás mulleres na súa traxectoria profesional.

7	Utilizar recursos conceptuais e metodolóxicos que permitan entender, deconstruír e, no seu caso, transformar o proceso de produción das identidades de xénero.
8	Visibilizar e poñer en valor as aportacións feitas polas mulleres ao psicanálise, ao pensamento, á cultura e á sociedade.

4. COMPETENCIAS

	Competencias da materia (xerais e específicas)	Competencias de titulación relacionadas (as que contribuye)
1	Ser competente para fomentar a autoestima e o empoderamento das identidades precarias.	Ser competente para empoderar ás mulleres
2	Ser competente para analizar a persistencia de rasgos tradicionais na construción da subxectividade feminina e masculina nos roles laborais e familiares	Ser competente para apoiar ás mulleres para que expresen as súas necesidades, os seus puntos de vista e os seus desexos.
3	Ser competente para revelar as dificultades coas que se atopan as mulleres para avanzar nas súas carreiras profesionais	Ser competente para sensibilizar á poboación en relación os problemas específicos de xénero
4	Ser competente para recoñecer os obstáculos que orixinan o “teito de cristal” na súa dobre inscrición: subxectiva e obxectiva á vez	Ser competente para entender os referentes teóricos, históricos, culturais, políticos e legais que subxacen á cultura androcéntrica
5	Ser competente para analizar o malestar das mulleres na cultura, malestar provocado pola inserción das mulleres nun mundo estruturado desde un punto de vista androcéntrico	Ser competente para transmitir unha cultura non androcéntrica
6	Ser competente para coñecer as leis e servicios que favorezan unha traxectoria profesional non discriminatoria para as mulleres	Ser competente para entender e aplicar a lexislación existente en materia de igualdade
7	- Ser competente para fomentar o espírito crítico, creativo, inovador desde a perspectiva das mulleres	Ser competente para procurar unha sociedade máis igualitaria desde o punto de vista do xénero
8	Ser competente para coñecer as distintas áreas de actuación e a metodoloxía para a implantación de programas e proxectos de igualdade no ámbito laboral.	Ser competente para coñecer as distintas áreas de actuación e a metodoloxía para a implantación de programas e proxectos de igualdade entre mulleres e homes en distintos ámbitos (servizos sociais, educación, empresas, administración pública et.)

9	Ser competente para desempeñar ou promover o liderado e a toma de decisións na xestión de programas ou políticas de igualdade no ámbito laboral ou profesional	Habilidade para o liderado e a toma de decisións na xestión e desenvolvemento dos programas, plans ou políticas de igualdade
10	Ser competente para comprender os referentes teóricos, históricos, culturais, políticos que subxacen no mercado de traballo e nas organizacións laborais.	Ser competente para comprender os referentes teóricos, históricos, culturais, políticos que subxacen á cultura androcéntrica.

5. CONTIDOS

(O contido do programa pode sufrir algunhas variacións atendendo a circunstancias non previstas)

1. Psicanálise, feminismo e postmodernismo. As súas converxencias se aportacións para a comprensión do suxeito feminino.
2. Diferencias entre os conceptos de “muller”, “feminidade”, “identidade”, “subxectividade”.
3. A construción da feminidade como "construción teórica de contido incierto".
4. Influencia dos procesos inconscientes na configuración da identidade femenina.
5. Influencia dos procesos de división sexual do traballo na configuración da masculinidade e da feminidade.
6. Xénero e carreira laboral: Conflictos actuais. O quebranto das identidades. Novas formas de devenir as subxectividades.

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE

	Horas presenciais	Horas de traballo do alumno	Total
Clases teóricas	15		
Seminarios/Obradoiros	5		
Clases prácticas			
Prácticas externas			
Tutorías	5		
Aprendizaxe/actividade autónoma dirixida (individual)	5		
Aprendizaxe/actividade autónoma			

7. METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición	¿Implica atención personalizada ao alumno?
Lección maxistral	Presentación dos temas por parte da profesora. Utilización da Páxina Web do POP e recursos Web como material docente. Establecemento de pautas de análise da documentación. Organización das actividades individuais e grupais .	SI
Clases prácticas		
Resolución de exercicios e problemas		
Aprendizaxe baseada en problemas (ABP)		
Estudo de casos		
Ensinanza baseada en proxectos de aprendizaxe		
Metodoloxías baseadas en investigación		
Análise de situacións	Análise de situacións reais desde o punto de vista do xénero	SI
Aprendizaxe colaboradora		
Simulacións		
Seminarios	Tema monográfico a tratar por algunha persoa ou profesional experta na materia e posterior coloquio. Análise de materiais audiovisuais, escritos ou informáticos. Debates	si
Experimentación e/ou prácticas en empresas, institucións etc.		
Outros (especificar)		

Sesións organizativas

8. ATENCIÓN AO ALUMNO

O alumnado será atendido no transcurso das clases, nos seminarios, nas titorías e cando solicite información nas actividades presenciais, por vía telemática ou telefónica.

A atención dirixirase fundamentalmente a promover os seguintes aspectos:

- Promover nas/nos estudantes unha metodoloxía de investigación que suscite a reflexión crítica, a búsqueda de información a súas hipóteses, preguntas e inquedanzas e avanzar posibles alternativas.
- Establecer un contexto favorable para o debate na aula, onde as/ os estudantes aprendan a expoñer os seus propios puntos de vista, a escoitar ás/aos demais, a manifestar respecto pola diversidade e ser capaz de aprender desa variedade de opinións e experiencias existentes na aula.
- Transformar o noso papel de docente, converténdonos non só en transmisores de información, senón tamén en facilitadores/as de aprendizaxes significativos e por descubrimento.
- Promover a análise crítica dende o punto de vista do xénero da identidade persoal, da realidade social, educativa, política etc.
- Procurar que a educación non se limite a información ou habilitación senón a un proceso de autosuperación e empoderamento persoal.

9. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

Metodoloxía	Cualificación
Probas escritas (ensaio, probas obxectivas, resolución de problemas, probas de resposta breve, probas tipo test etc)	
Exames orais (probas orais na aula, entrevista, debate etc)	
Probas de autoavaliación	
Traballos e proxectos	Traballos e actividades programadas: 60%
Informes de prácticas	
Técnicas de observación	
Situacións de proba	
Técnicas baseadas na participación do alumno	
Porta-folio	
Outras (especificar)	Asistencia e participación na clase. 40%

Observacións: Recomendacións, pautas para a mellora e a recuperación, etc.

10. RECURSOS E FONTES DE INFORMACIÓN

Recursos e fontes de información básica

- Birulés, Fina (1992): *Filosofía y género. Identidades femeninas*. Pamiela, Barcelona.
- Buttarelli, Annarosa, *Una revolución inesperada. Simbolismo y sentido del trabajo de las mujeres*. Narcea, 2001
- Bleichmar, Emilce dio (1998): *La Sexualidad Femenina. De la niña a la mujer*, Barcelona, Paidós.
- Burin, Mabel (comp.), (1996): *Género, Psicoanálisis, Subjetividad*. BuenosAires, Paidós.
- Braidotti, Rosi (2004): *Feminismo, diferencia sexual y subjetividad nómada*. Gedisa, Barcelona.
- Butler, Judith (2001): *El género en disputa. El feminismo y la subversión de la identidad*. Paidós. Barcelona.
- Butler, Judith (2001): *Mecanismos psíquicos del poder. Teorías sobre la sujeción*, Cátedra, Madrid.
- Corral Rubio, Natividad (2005): *Feminidades. Mujer y psicoanálisis: una aproximación crítica desde la clínica*, Montesinos, Barcelona.
- De la Concha, Ángeles y Osborne, Raquel (coords.), (2004): *Las mujeres y los niños primero. Discursos de la maternidad*, Barcelona, Icaria.
- García de León, M^a Antonia, *Herederas y heridas*, Cátedra, Valencia.
- González de Chávez, M. Asunción (comp.), (1993): *Cuerpo y subjetividad femenina. Salud y género*, Madrid, Siglo Veintiuno.
- González de Chávez, M. Asunción (comp.), (1999): *Hombres y mujeres. Subjetividad, salud y género*, Las Palmas de Gran Canaria, Servicio de publicaciones de la Universidad de las Palmas.
- González de Chávez, M^a Asunción (1998): *Feminidad y Masculinidad. Subjetividad y orden simbólico*. Biblioteca Nueva, Madrid.
- Hernando, Almudena (edit.), (2000): *La construcción de la subjetividad*. Madrid, Comunidad Autónoma de Madrid.
- Martínez Benlloch, Isabel (coord.), (2002): *Género, desarrollo psicosocial y trastornos de la imagen corporal*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- Martínez Ten, Pilar y González Ruiz, Pilar (coords.), *Las mujeres en la dirección de las empresas*, Universidad Internacional Menéndez Pelayo, 2007.
- Rodríguez, Pilar, (2008), *Mujeres, trabajos y empleos en tiempos de globalización*, Barcelona, Icaria
- Tubert, Silvia (2001): *Deseo y representación. Convergencias de psicoanálisis y teoría feminista*, Madrid, Síntesis.
- Tubert, Silvia (ed.), (1996): *Figuras de la madre*, Madrid, Cátedra.
- Tubert, Silvia (ed.), (1997): *Figuras del padre*, Madrid, Cátedra.

Recursos e fontes de información complementaria

- Adán, Carmen, *Feminismo e coñecemento. Da experiencia das mulleres ao cíborg*, Espiral Maior, A Coruña, 2003.
- Amorós, Celia, *Tiempos de feminismo: Sobre feminismo, proyecto ilustrado y postmodernidad*. Cátedra, Madrid, 2000, 2^a ed.
- Amorós, Celia, (ed.), *Feminismo y Filosofía*, Síntesis, Madrid, 2000.
- Amorós, Celia e De Miguel, Ana (eds.), *Teoría Feminista: De la Ilustración a la globalización. De la Ilustración al segundo sexo*, Minerva, Madrid, 2005. Volumen 1.
- Amorós, C. e De Miguel, A. (eds.), *Teoría Feminista: De la Ilustración a la globalización. Del feminismo liberal a la postmodernidad*, Minerva, Madrid, 2005. Volumen 2.
- Amorós, C. e De Miguel, A. (eds.), *Teoría Feminista: De la Ilustración a la globalización. De los debates sobre el género al multiculturalismo*, Minerva, Madrid, 2005. Volumen 3.

- Amorós, Celia, *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias para la lucha de las mujeres*, Cátedra, Madrid, 2006, 2º ed.
- Azpeitia, Marta e outras, (eds.), *Piel que habla. Viaje a través de los cuerpos femenino*, . Icaria, Barcelona, 2001.
- Barrett, Michèle e Phillips, Anne (comp.), *Desestabilizar la teoría. Debates feministas contemporáneos*, Paidós. México. 2002.
- Beck-Gernsheim, Elisabeth., Butler, Judith. e Puigvert, Lidia., *Mujeres y transformaciones sociales*. El Roure, Barcelona, 2002.
- Beltrán, Elena, Maquieira, Virginia (eds.), *Feminismos. Debates teóricos contemporáneos*, Alianza, Madrid, 2001.
- Benhabib, Seyla, y Cornell, Drucilla, *Teoría feminista y teoría crítica*, Alfons el Magnánim, Valencia, 1990.
- Benhabib, Seyla, *El ser y el otro en la ética contemporánea*, Gedisa, Barcelona, 2006.
- Benhabib, Seyla, *Las reivindicaciones de la cultura*. Katz, Buenos Aires, 2006.
- Birulés, Fina, *Filosofía y Género. Identidades femeninas*, Pamiela, Barcelona, 1992.
- Birulés, Fina, (comp.), *El género de la memoria*, Pamiela, Pamplona, 1995.
- Birulés, Fina, *Una herencia sin testamento: Hannah Arendt*, Herder, Barcelona, 2007.
- Boff, Leonardo y Muraro, Rosa M., *Femenino y Masculino. Una nueva conciencia para el encuentro de las diferencias*, Trotta, Madrid, 2004.
- Bourdieu, Pierre, *La dominación masculina*, Anagrama., Barcelona, 2000.
- Camps, Victoria, *El siglo de las mujeres*, Cátedra, Madrid, 1998.
- Cixous, Hélène, *Deseo de escritura*, Reverso, Barcelona, 2004.
- González de Chávez Fernández, Mª Asunción., *Feminidad y Masculinidad. Subjetividad y orden simbólico*, Biblioteca Nueva, Madrid, 1998.
- Collin, Françoise, *Praxis de la diferencia. Liberación y libertad*, Icaria, Barcelona, 2006.
- Hooks, Bell y otras autoras, *Otras inapropiables. Feminismos desde las fronteras*, Traficantes de Sueños, Madrid, 2004.
- Lomas, Carlos (comp.), *¿Todos los hombres son iguales? (Identidades masculinas y cambios sociales)*, Paidós, Barcelona, 2003.
- Lomas, Carlos, *¿El otoño del patriarcado? Luces y sombras de la igualdad entre mujeres y hombres*, Península, Barcelona, 2008.
- Nash, Mary. *Mujeres en el mundo. Historia, retos y movimientos*. Alianza, Madrid, 2004.
- Puleo, Alicia, *Filosofía, género y pensamiento crítico*. Secretariado de publicaciones e intercambio editorial de la universidad de Valladolid, Valladolid, 2000.
- Restaino, F., Cavarero, Adriana, *Le Philosophie Feministe*, Paravia, Torino, 1999.
- Reyes Mate, M., (ed.), *Pensar la igualdad y la diferencia. Una reflexión filosófica*. Fundación Argentaria, Madrid, 1995.
- Rodríguez Magda, Rosa María, *Mujeres en la historia del pensamiento*. Anthropos, Barcelona, 1997.
- Rodríguez Magda, Rosa María, *Foucault y la genealogía de los sexos*, Anthropos, Barcelona, 1999
- Sau, Victoria, *Reflexiones feministas para principios de siglo, horas y Horas*, Madrid, 2000.
- Segarra, Marta, *Ver con Hélène Cixous*, Icaria, Barcelona, 2006.
- Sendón de León, Victoria., *Marcar las diferencias*. Icaria, Barcelona, 2002.
- Sendón de León, Victoria, *Matria. El horizonte de lo posible*, Siglo XXI, Madrid, 2006.
- Valcarcel, Amelia, *La política de las mujeres*, Cátedra, .Madrid. 2004, 3º ed.
- Valcarcel, Amelia, *Sexo y Filosofía. Sobre "mujer" y "poder"*, Anthropos, Barcelona, 1991.
- Valcarcel, Amelia, *Rebeldes: hacia la paridad*, Plaza y Janés, Barcelona, 2000.

Outros recursos: Materiais audiovisuais. Materiais didácticos escritos.

Web Profesional:

Feminismos, Géneros e Identidades
<http://webs.uvigo.es/pmayobre/index.html>

11. RECOMENDACIÓNS